
O GRAN RETO DA SIMULACION COMPUTACIONAL A LONGO PRAZO E O CORPO HUMANO CON TODOS OS SEUS SISTEMAS

- Actualizado (07.07.2011)

Máis de 130 expertos de 20 países reúnen estes días en Santiago de Compostela ao redor de Eleuterio F. Toro, profesor de Análise Numérica da Universidade de Trento, recoñecido internacionalmente pola súa contribución á educación e ao desenvolvemento de métodos numéricos para ecuacións derivadas parciais. O Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela, coa Profesora Elena Vazquez Cendón como coordinadora, organiza estes días na súa honra a Conferencia Internacional "Numerical Methods for Hyperbolic Equations. Theory and Applications", que reúne en Compostela a algúns dos máis destacados e importantes expertos en Métodos Numéricos para Ecuacións Hiperbólicas da comunidade matemática e a enxeñaría internacional.
(+)